



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Ordes VIII, 1, Santaia, Frades, Ricardo (cont.)

CD. 16,6

Tres casamentos nun día.

VIII,1, 280

- 1) Alá na terra de Lughó na montaña de Murón pasou un caso chocante que causa admiración.
- 2) Vía unha patrona cunha filla e unha neta, as tres estaban solteiras nunha casinha pequena.
- 3) Todas as tres tiñan mozo, todas se queren casar, e maiorment' a patrona xa non se pod' aghuantar.
- 4) Esa trataba cun vello medio xord'e xurubado pero era moi bonito porque tiña moitos cartos.
- 5) A filla era media bruxa e tamén tiña rapaz, un xastre de mala morte qu' andaba polo lughar.
- 6) A net' era moi noviña, tiña quince primaveras sólo que tiña un defeuto: qu' era torta das pernas.
- 7) Esa tamén tiña mozo, un ghallardo paraghueiro que cando viñ' ò lughar botaba algún romendo.
- 8) Un día què se xuntaron, entre todas acardaron casarse todos nun día por avitar moitos ghastos.
- 9) O trazar eso a vella foi xunt' ò cura correndo antes que ningún dos novios cambiara de pensamento.

8 IV 11b
IV 50b



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
Estudos das
Identidades

Ordes VIII, 1, Santaia, Frades, Ricardo (cont.)

CD 16, 6

Tres casamentos nun día.

VIII,1,

10) "Boas tardes, señor cura,
véñolle a ^{preguntar,} preguntar,
por faéer tres casamentos
cánto nos vai a cobrar." (falado)

11) "Pois un vale trinta pesos
e os tres valen noventa,
pero si son os tres xuntos
rebaixáreilles a cuenta."

12) "Claro que son os tres xuntos
e os tres no mesmo día
cásom'eu, e cásas'a neta
e tamén se casa à filla."

13) "¡Alabado sea Dios...
nunca out^{ro} tal se viu
dende ^{que eu} que eu son sacerdote,
tres casorios nunha casa
debe ser señal de morte."

14) "Non lle é señal de morte
eu é ^{qu'atopamos} tres burros
queremos aparállalos
pa'que queden ben seguros." (cantado)

15) "Pois véñanse cando queiran
que eu cásqos de contado
e como son os tres xuntos
héillelo facer barato."

16) "De padriños e madriñas
xa servimos ^{uns} pr'ós outros
usté arrégghlenos pronto
que queremos razar pouco."

17) Un día de moit'inverno
marcharon^s pa se casar,
deixaron a casa sola
(e) ós rapases do lugar.

18) Entráronlle na cociña
lév^áronll'a carne toda,
o viño e i-as empanadas
todo o que tiñan prá boda.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Ordes VIII, 1, Santaia, Frades, Ricardo (cont.)

CD 16, 6

Tres casamentos nun día.

VIII,1,

- 19) Tocando cornos e latas,
cencerros e potes vellos
{ marcharon p^o ònha xesteira
{ moi alegres e contentos.
{ Alí tiveron a festa
{ á conta dos casamentos
- 20) Chegharon as tres parexas
que viñan de casar,
pensando na gran enchente
que se iban a papar.
- 21) Cando chegharon á casa
ic^o topan todo barrido,
falta à carne e falta ò pan
e o pelexo do viño.
- 22) "¿Quén sería o ghalopín
tan ladrón e desalmado?"
Decían as tres parellas
todas a òn tiempo chorando.
- 23) "Esta si que che foi ghorda
nunca m'houbera casado
que polo p^o primeiro día
lovamos un bo petardo."
- 24) "Esta si que che foi ghorda
dix'à tía Micaiela
mentres nos fomos casar
roubaronmos a ovella,
{ a carn'e as empanadas,
{ empanadas e paiella,
{ e non rouberon a casa
{ porque non poideron con ela."

4' 25"